

Manifiesto pola calidade e dignidade da Atención Primaria en Galicia

Vaamonde García, P.; Martín García, M.*

Presidente da AGAMFEC. *Secretario da FADSP

CAD. ATEN. PRIMARIA 2003; 10: 153-153

Hai 20 anos iniciouse en toda España unha reforma da Atención Primaria de Saúde que significou un importante avance para a sanidade pública. Creáronse os Centros de Saúde, ampliouse o horario de traballo e mellorou a calidade da atención. Globalmente o impacto desta reforma sobre a saúde dos cidadáns ten sido moi positivo e as enquisas realizadas amosan unha maior satisfacción dos usuarios pola atención recibida en Atención Primaria.

Máis, nos últimos tempos, estase a producir un *progresivo deterioro deste nivel asistencial*, que é percibido moi negativamente polos profesionais e usuarios. A sobrecarga asistencial, as demoras excesivas nas listas de espera, as dificultades de acceso a probas complementarias, a escasez de tempo para adicar ós pacientes: todos estes factores provocan desánimo e insatisfacción nos profesionais da saúde e unha valoración cada vez máis crítica da atención recibida por parte dos cidadáns.

Os recursos económicos adicados en Galicia á sanidade pública son insuficientes, sendo a Atención Primaria o nivel máis perxudicado. Isto supón a paralización da reforma da Atención Primaria, a renuncia a crear novas prazas que garantan tempos razoables de consulta ós pacientes, e a perpetuación da masificación nos nosos Centros de Saúde. Os profesionais de Atención Primaria veñen reclamando nos últimos meses unha mellora das súas condicións de traballo que permitan potenciar a calidade dos servizos que ofrecen ós seus pacientes. Entendemos que *os actuais gobernantes teñen a obriga de dotar á Atención Primaria de persoal suficiente e de recursos axeitados* para que os profesionais poidan desenvolver a súa función de maneira digna e ofrecer a todos os galegos a mellor atención sanitaria posible nos tempos de hoxe.

A Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (AGAMFEC), e a Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública (AGDSP) por medio deste *manifiesto público* expresamos a nosa decisión de sumarnos á Xornada de Reflexión sobre a Calidade e a Dignidade da Atención Primaria convocada pola Plataforma Dez Minutos para o próximo día 10 de outubro, e *reclamamos da Consellería de Sanidade*:

1. Que todos os cidadáns teñan acceso a unha *Carteira de Servizos* cuns mínimos comúns en todos os Centros de Saúde de Galicia, asegurando o acceso ós medios diagnósticos.
2. Que os Centros de Saúde dispoñan dos *recursos humanos e materiais suficientes* para realizar as tarefas acordadas á demanda da poboación atendida.
3. Que o *número máximo de pacientes asignados* a cada médico de familia sexa adecuado á estrutura da poboación, á dispersión xeográfica e as súas características sociodemográficas.
4. Que se garantice un *tempo medio por visita* de 10 minutos, de tal xeito que os profesionais de Atención Primaria poidan realizar as súas funcións e tarefas con dignidade.

Por todas estas razóns e na defensa destas xustas reivindicacións o día 10 de outubro ás 10 da mañán, e durante 10 minutos, vanse celebrar, en todos os Centros de Saúde de Galicia, concentracións de profesionais e usuarios para reclamar da Consellería de Sanidade a adopción das medidas necesarias para mellorar a calidade e a dignidade da Atención Primaria en Galicia.

Santiago de Compostela, a 6 de outubro de 2003.